

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de homenaxe a Alexandre Bóveda e ás vítimas galegas do franquismo

Concordia, paz, liberdade

Sala do Rexurdimento do Parlamento de Galicia/ 07-06-2023 // 12,30 h

- Familia de Alexandre Bóveda
- Membros das fundacións, entidades e asociacións de recuperación da memoria histórica presentes neste homenaxe
- Conselleiro de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia
- Integrantes da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia
- Valedora do Pobo
- Presidenta do Consello da Cultura Galega
- Secretario xeral de Política Lingüística
- Demais autoridades e representacións
- Señorás e señores:

Como fago habitualmente, quero que as miñas primeiras verbas sexan de agradecemento a todas as persoas que nos acompañan neste acto e que, coa súa presenza, honran tamén a memoria de todas as vítimas do franquismo e da guerra civil.

Dámonos cita esta mañá para cumprir un mandato unánime desta Cámara, que, nunha sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, celebrada o 3 de novembro de 2021, aprobou por unanimidade dos tres grupos da Cámara, unha proposición non de lei orientada a homenaxear as vítimas galegas do franquismo e tamén a figura de Alexandre Bóveda.

Acto institucional, o de hoxe, para reiterar a firme condena do Parlamento de Galicia fronte á ditadura que durante 40 anos mantivo sometido o noso pobo; condena enérxica que —cómpre recordalo— non é nova, na medida en que se suma aos diferentes pronunciamentos desta índole que a Cámara leva efectuado desde hai tempo.

A primeira institución de Galicia, este Parlamento, xurdido dunha Constitución e dun estatuto democráticos, convócanos hoxe para reafirmar o compromiso do pobo galego coa democracia, coa defensa da liberdade e co respecto aos dereitos humanos.

Facémolo con este acto solemne, e tamén coa escultura *Concordia, paz, liberdade*, obra de Cándido Pazos, que deseguido descubriremos no xardín exterior do pazo do Hórreo, para reivindicar os valores universais que lle dan título, e ao tempo poñer en valor a transición á democracia que deu paso a catro décadas de autonomía, estabilidade, crecemento e prosperidade, en Galicia e no conxunto de España.

Concordia, paz e liberdade, arelas interiorizadas no corazón de todas as persoas de boa vontade, e tamén no corazón da primeira institución de Galicia, coa esperanza de construír un mundo libre de calquera tipo de violencia —bélica, política, terrorista como a de ETA que tanto desgarró causou ata datas ben recentes, de xénero ou de calquera outra índole—, un mundo igualitario, sen discriminación por razón de ideoloxía, xénero, etnia, relixión ou identidade sexual; un mundo no que impere a xustiza e se respecten as leis; un mundo no que todas e todos sexamos quen de botar unha man a quen o precise. Un mundo mellor, en suma.

Acompañánnos hoxe diferentes entidades que, desde hai anos, traballan no ámbito da recuperación da memoria e na perpetuación e dignificación do legado das vítimas. Recoñecemento e agradecemento sincero polo labor que desenvolven, conscientes da universalidade destes valores compartidos por todas e todos.

Reivindicamos a democracia e os dereitos humanos que foron esmagados polo alzamento militar do 18 de xullo de 1936, que derivou nunha guerra fratricida que provocou morte, miseria e sufrimento, con excesos inadmisibles, de todo tipo, nun e noutro bando, e que hoxe novamente condenamos.

Alzamento contra a lexitimidade democrática que no caso galego triunfou axiña, pero derivou nunha represión sen cuartel que durou anos.

Execucións extraxudiciais, paseos, torturas, deportacións, presidio, incautacións, miseria. Iso e máis.

Francisco Fernández del Riego, felizmente homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2023, foi unha das moitas persoas que tivo que agocharse escapando dos represores e asasinos.

Lembrando aqueles días tráxicos, contaba que desde o seu acubillo escoitaba como «pola mañá pasaban as leiteiras, que ían comentando a xente que atopaban nas gabias das estradas. Vivín alí moi angustiada —leo o seu testemuño— porque todos os meus amigos ían desaparecendo. A uns matábanos. Outros estaban na cadea. Outros fuxidos»ⁱ.

Morte, cadea, exilio. Brutalidade.

«A simple rivalidade persoal abondaba para que te fosen buscar á casa pola noite e te deixasen nunha gabia calquera. Non tiñan que lle dar contas a ninguén. A vida non valía nada»ⁱⁱ, relataba don Paco.

Ás vítimas da barbarie, a todas as vítimas, rendemos homenaxe póstuma neste acto.

Cómpre non esquecer a barbarie —duns e doutros— para non repetirmos xamais os erros do pasado. Para coidar a democracia, para preservar a convivencia pacífica, para aprender a respectar ao adversario. Sempre.

Pero canda aos milleiros de vítimas asasinadas, torturadas e perseguidas; canda as nenas e nenos privados da súa infancia; queremos honrar a memoria das persoas forzadas a exiliarse, case sempre alén mar; e tamén a dos condenados ao exilio interior, que, malia as adversidades, conservaron intacta a súa dignidade persoal e a fidelidade aos seus principios.

Mantiveron acesa a fogueira que alumeaba as ansias de democracia e dun novo despertar galeguista.

Refirome a persoas como Ramón Piñeiro, que despois de estar na cadea exerceu como “mestre espiritual” da mocidade galegaⁱⁱⁱ; ou como Don Ramón Otero Pedrayo, expulsado do ensino e privado, por tanto, da fonte do seu sustento.

«Refuxiouse en Trasalba e alí viviu con dignidade, ata o punto de que nun acto de homenaxe que se lle fixo a Lamas Carvajal, organizado pola Falanxe, Otero Pedrayo falou en galego e, cando todos se puxeron a cantar o *Cara al sol*, Otero quedou calado»^{iv}. Un home leal ás súas ideas; íntegro dos pés á cabeza. Un galego bo e xeneroso, sempre inspirador.

Con todo, ningún castigo e ningún sufrimento acada a trágica dimensión do que padeceron as persoas asasinadas e as súas familias.

Castelao, finado no exilio, imaxinaba, no cemiterio de Pontevedra, «unha labarada que chega até o ceo». «Esta é a chama do espírito dun gran galego que non figura na Santa Compañía dos inmortaes, porque non pertence á historia, senón á tradición. Este é o lume do espírito de Alexandre Bóveda, estrela e bandeira do noso porvir», escribiu en *Alba de Gloria*.

Homenaxe sentida de Castelao ao seu amigo Bóveda, tan sincera e conmovedora como a do cadro *A derradeira lección do mestre*, que tivemos o privilexio de contemplar en Santiago en datas recentes e que rememora o asasinato perpetrado na Caeira o 17 de agosto de 1936.

No ano 1938 publicábase en París e en Buenos Aires o volume *Galicia baixo a bota de Franco*^v, un traballo anónimo, que algúns historiadores atribúen, polo menos en parte, a Luis Seoane, e que constitúe unha testemuña angurianta dalgúns dos trágicos sucesos rexistrados daquela.

«Alexandre Bóveda, o secretario do partido galego que xamais militara en ningún partido revolucionario, foi asasinado polo simple feito de ter redactado o estatuto galego. O galeguismo é un pecado mortal a ollos dos rebeldes. Perseguiron aos galeguistas de igual modo e na mesma medida que aos marxistas e aos demócratas», lemos neste libro que xa daquela acadou, como é lóxico, unha gran difusión.

Como deixaron escrito os seus coetáneos, o «pecado» de Bóveda foi o galeguismo, bendito credo que profesamos a inmensa maioría dos aquí presentes, e no que hoxe, se cabe con maior motivo, renovamos os nosos votos.

Galeguismo que inspirou o desenvolvemento da autonomía de Galicia, no marco da Constitución española, que trouxo a democracia, e felizmente inseridos na Unión Europa da que formamos parte por vocación, por tradición e por dereito.

Transcorren xa preto de 87 anos desde o seu fusilamento, pero o alegato final pronunciado por Bóveda ante o tribunal que o condenaría a morte continúa resoando no imaxinario colectivo, ao tempo que emociona en cada nova lectura, como a que acabamos de escoitar.

As súas palabras continúan producindo calafríos.

Honra e gloria, por tanto, para Alexandre Bóveda e para tantos e tantos outros mártires da liberdade e da democracia. Honra e gloria para todas as vítimas da barbarie dun ou doutro signo, porque a barbarie será sempre barbarie, proceda de onde proceda.

Nunha carta de despedida datada na madrugada do seu fusilamento e dirixida ao seu irmán Vitín, Bóveda escribe: “o trabucado xuízo dos homes, que eu perdoe e todos debedes perdoar, condéname”^{vi}.

Velaí a grandeza de quen se despediu perdoando e animando a perdoar.

Louvado sexa o espírito de reconciliación; outrora, agora e sempre.

ⁱ CONDE, Perfecto. *Conversas con Paco del Riego*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2018.

ⁱⁱ CONDE, Perfecto. *Conversas con Paco del Riego*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2018.

ⁱⁱⁱ <http://consellodacultura.gal/persoa.php?id=3099>

^{iv} CONDE, Perfecto. *Conversas con Paco del Riego*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2018.

^v *Galicia bajo la bota de Franco. La edición clandestina de 1938*. Alvarellos Editora. Santiago, 2005.

^{vi} tres «Cartas de Alexandre Bóveda na madrugada do fusilamento [17-VIII-1936]», cuxos textos foron publicados en VV. AA., Castelao e Bóveda irmáns!!, Vigo: Extras A Nosa Terra 5/6, 1986, páx. 112. <http://crebas.gal/cartas-de-alexandre-boveda-na-madrugada-do-fusilamento-17-viii-1936/>